



“Eu vin anda-lo Ghraiolo
pola feira das sardiñas,
xa cansou a eghua branca
d’andar roghando cas fillas.”

“Eu tuven na túa casa
qu’inda m’acordo do conto,
e díxome a túa nai,
ghardan unha pó meu tonto.”

“Has de cosechar ben millo
pra manter ben as ghaliñas
pa lle fásere-los ovos
ó que che piden as fillas.”

“Teñ’unha tixola ghrande
que ven do alto de rus,
eu cabo sentado nela
cas dúas pernas en crus.”

“Hahmo de desir, Ghraiolo,
qu’usté hao de saber,
o peñón de Ghibraltá
¿cantos kilos pode ter-e?”

“O piñón de Gibraltá
muitas veces tou pé del,
colghábacho nos collóns
se foras home pra i-el.”